



PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Estadio Multiusos de San Lázaro - 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Teléfono 54 26 20 - Telefax 54 26 38

Nº: 2-242

	XUNTA DE GALICIA PRESIDENCIA Secretaría Xeral para o Deporte
Entrada	
Saída	1661
Data	22 JUN. 1995

REFERENCIA : PR946A 95/13-2

SOLICITANTE: ASOCIACION DEPORTIVA TERRA

DOCUMENTO : PR946A.601

NOTIFICACION DA RESOLUCION

Notifícase que por Resolución de 20 de xuño de 1995, do Ilmo. Sr. Secretario Xeral para o Deporte, dada de conformidade coa Lei 10/1990 Xeral do deporte (B.O.E - 17-10-1990), e Ordes de 17 de Maio de 1983 (D.O.G.) de 3-6-83) e de 20 de Novembro de 1986 (D.O.G de 5-12-86), e demais normativa aplicable, ese Clube foi inscrito no Rexistro de Clubes, Federacións e Entidades Deportivas de Galicia, co nº 4703.

Así mesmo, e a tenor do establecido no artigo 9º da Orde de 17 de maio de 1983, deberán comunicar e solicita-la inscrición neste Rexistro, dos cambios e alteracións dese clube que se produzan con relación ós datos consignados (cambios na Xunta Directiva, cambio de denominación, modificación dos Estatutos, enderezos sociais, etc..).

Achégaselle, para constancia e arquivo na Secretaría dese Clube Deportivo, copia dos Estatutos sociais, Acta Fundacional, e relación da Xunta Directiva.

Santiago, a 21 de xuño de 1995.



Asdo: Belarmino García Martínez

SR. PRESIDENTE DA ASOCIACION DEPORTIVA TERRA

E S T A T U T O S



CAPITULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1º.- O/A ASOCIACION DEPORTIVA TERRA é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, da que o obxecto exclusivo será o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- O/A ASOCIACION DEPORTIVA TERRA practicará como principal modalidade deportiva a de FUTBOL SALA e afiliarse á Federación Galega de FUTBOL, que someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/A ASOCIACION DEPORTIVA TERRA practicará asimesmo as modalidades deportivas de FUTBOL, para o que funcionarán as seccións deportivas correspondentes, que se adscribirán ás respectivas Federacións.

A Xunta Directiva poderá acorda-la creación de novas seccións para a práctica de outras modalidades deportivas, debendo adscribirse ás correspondentes Federacións.

Artigo 3º.- O/A ASOCIACION DEPORTIVA TERRA someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

a) Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servicio nin exercer actividades da igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios.- Os seus ingresos aplicaranse íntegramente.

b) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.

c) O/A ASOCIACION DEPORTIVA TERRA poderá gravar ou enaxenar bens inmobles, tomar cartos a préstamos e emitir títulos transmisibles representativos de deuda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

1. Que tales operacións sexan autorizadas por maioría de dous tercios dos socios presentes representados na Asamblea Xeral extraordinaria.

2. Que ditos actos non comprometan de maneira irreversible o patrimonio da entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxeto social. Para a exoitada xustificación deste extremo poderá esixirse, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.

3. Cando se trate de tomar cartos a préstamos en cuantía superior ó 50% do presuposto anual ou que represente unha porcentaxe igual o valor do patrimonio, así como nos supostos de emisións de títulos, requirirá informe da Federación e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.- O/A ASOCIACION DEPORTIVA TERRA _____ poderá recibir libremente doacións que non excedan da cantidade de 500.000 Pts. No suposto de doacións que superen esta cantidade, será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 5º.- O domicilio social fíxase en LUGO _____, rúa de da Terra (Polig.CEAO) Parcela 96 _____, teléfono 20-94-12 _____, debendo, en caso de variación dar conta á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/A ASOCIACION DEPORTIVA TERRA _____ tamén contará cos seguintes locais e instalacións propias:



CLASES DE SOCIOS, ADMISION, DEREITOS E OBLIGACIONES

Artigo 6º.- O número de socios será ilimitado; a Xunta Directiva poderá suspender, sen embargo, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.


Artigo 7º.- Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cuota social establecida.

Os menores de 18 anos de un e outro sexo calificaranse como socios aspirantes, tendo dereito o uso das instalacións sociais mediante a cuota que fixa a Comisión Directiva, e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumprir a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Comisión Directiva confira esta distinción e tendrán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.

Artigo 8º.- Primeiro: Os socios de número tendrán os seguintes dereitos:

- 
- a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos da Asociación.
 - b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, normas de desenrolo das mesmas e ó establecido no presente Estatuto.
 - c) Separarse libremente da Asociación.
 - d) Coñece-las actividades da Asociación e examina-la súa documentación, previa petición razoada da Xunta Directiva.

e) Expoñer libremente no seo da Asociación.

f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

Segundo: Son obrigacións dos socios de número:

a) Abona-las cuotas que esixa a Xunta Directiva.

b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte ou deportes da Sociedade.

c) Acatar cantas disposicións dicte a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bon goberno da Sociedade.

TERCEIRO: Os socios aspirantes tendrán dereito a disfrutar dos servicios e instalacións sociais da Asociación.

Cuarto: Os familiares dos socios de número tendrán dereito a disfrutar daqueles servicios e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.

Artigo 9º.- Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:


- Ter a idade sinalada para cada unha delas.
- Solicitude por escrito dirixida á Xunta Directiva.
- Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

Artigo 10º.- A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO



Artigo 11º.- Son órganos de representación e goberno de ASOCIACION DEPORTIVA TERRA a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Artigo 12º.- Primeiro: A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte. O fronte dela haberá un Presidente e formaran parte da mesma un Secretario e un Tesoreiro.

Segundo: O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto, aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos validamente adoptados pola Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.

Terceiro: Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competicións que se organicen.
- b) Convocar, por medio do seu Presidente, a Asamblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periodicas que deban satisfacerse.
- d) Redactar e reforma-los Regulamentos de Réxime Interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- e) Nomea-las persoas que vaian dirixi-las distintas comisións que se crean, así como organiza-las actividades do Club.
- f) Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual da sociedade e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte.

.../...



Artigo 13º.- Primeiro: A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente.

Segundo: A Xunta Directiva convocarase pola súa Presidencia con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá convocarse a petición de tres ou mais dos seus membros.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, anque non se convocara convocatoria previa.

Artigo 15º.- Primeiro: O Tesoreiro da Xunta Directiva será o Depositario da Asociación, firmará, os recibos e autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

Segundo: Será obrigación do Tesoreiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se poñeran en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º.- O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Asociados e o Libro de Actas.

Artigo 17º.- A elección dos membros da Xunta Directiva efectuarase por un período de catro anos, coincidindo con períodos Olímpicos.

Artigo 18º.- Primeiro: A Asamblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.

Segundo: As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran nela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia dunha cuarta parte dos asociados. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración haberá de mediar, ó menos, quince días naturais.

Artigo 19º.- A Asamblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento, ó menos, dos socios de número.

1. A Asamblea Xeral reunirase con carácter ordinario polomenos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.
- b) Presuposto para o exercicio seguinte.
- c) Proxectos e propostas da Directiva.
- d) Proposición que formulen os socios e que deberán ir firmadas, polo menos, polo quince por cento dos mesmos.
- e) Rogos e Preguntas.

2. deberá celebrarse Asamblea Xeral extraordinaria para a modificación dos Estatutos, elección da Xunta Directiva, tomar diñeiro a préstamo emisión de títulos representativos de deuda ou parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación das cuotas dos socios.

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º.- O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade.

Artigo 21º.- No Libro de Rexistro de Asociados deberán constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade, profesión e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación.

Tamén se especificarán as datas de alta e baixas y as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º.- Nos Libros de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordados adoptados. As actas firmaranse, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.- Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, ingresos e gastos da Asociación, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V



SECCION DEPORTIVAS

Artigo 24º.- Cando a Xunta Directiva acorde a práctica dunha modalidade deportiva creará a Sección correspondente, que haberá de ser afiliada á Federación que proceda.

Artigo 25º.- Cada sección deportiva acuparase de tódo lo relativo á práctica da modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e superior dirección da Xunta Directiva.

CAPITULO VI

DA EMISION DE TITULOS DE DEUDA OU DE PARTE ALICUOTA PATRIMONIAL

Artigo 26º.- O/A ASOCIACION DEPORTIVA TERRA poderá emitir títulos de deuda ou de parte alícuota patrimonial. Os títulos serán nominativos.

Artigo 27º.- 1. Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó afecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2. En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, no seu caso, o interés e prazo de amortización.

Artigo 28º.- Os títulos de deuda só poderán suscribirse polos asociados e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, salvo a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29º.- Os títulos de parte alicuota patrimonial serán, asimesmo suscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º.- Os títulos de deuda e parte alicuota patrimonial serán transferibles unicamente entre os que teñan a condición de socios.



CAPITULO VII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE

Artigo 31º.- Os presentes Estatutos só poderán modificarse, reformarse ou derogarse por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante votación favorables dos socios de número asistentes.

A reforma destes Estatutos seguerá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativos para a súa aprobación.

Artigo 32º.- O/A ASOCIACION DEPORTIVA TERRA extinguirase ou disolverase por acordo da Xunta Directiva, ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria que se celebrará a tal fin, cun mínimo das duas terceiras partes dos socios de número asistentes.

Artigo 33º.- Disolto/a ASOCIACION DEPORTIVA TERRA o remanente do seu patrimonio social, se o houbera, reverterá á colectividades, comunicándose tal disolución á Secretaria Xeral para o Deporte e a Federación Galega, que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas.

=====



EXHIBICIÓN: Extensión para hacer constar que es ~~presente~~ ~~presente~~ ~~presente~~

Asociación Deportiva TERRA

Nº 4703

Exposición de verificación de la inscripción en el Decreto nº 82/1983
de 21 de Abril, publicado en el Diario Oficial de Galicia nº 47, de data
13 Mayo de 1983; e o Art. 16 da Lei Xeral do Deporte
(BOE 17-10-90).

Santiago, 20 de Xunio de 1995.

SECCIÓN REGISTRO CLUBS E ASUNTOS XURÍDICOS

